

OPOSICIÓN 2025. A CIG-Ensino denuncia a tendencia á baixa na oferta de prazas nas oposicións docentes. Comezan o sábado 21 de xuño.

Nas oposicións de 2025 non se crearán novos postos de traballo nin se reducirá a temporalidade.

A tendencia na caída de prazas nas oposicións docentes confírmase novamente na oferta aprobada polo Consello da Xunta e comunicada, NON NEGOCIADA, coa representación sindical do profesorado na Mesa Sectorial.

A cifra total de prazas vinculadas coa taxa de reposición (xubilacións, defuncións, excedencias, traslados fóra de Galiza) é de 1356, unha cantidade que non se pode superar pola imposición dunha normativa estatal que os diferentes gobernos españois levan aplicando no ámbito educativo desde 2010 e que a CIG-Ensino leva denunciando como o principal problema á hora de impedir estabilizar emprego temporal. Durante este anos producíronse diferentes acordos sindicais no ámbito estatal, sempre coa oposición frontal da CIG-Ensino, que aceptaban a taxa de reposición ou que mesmo daban por boa unha cláusula para non poder incrementar profesorado sobre o existente como resultados das oposicións.

A realidade por detrás da propaganda

- **A oferta é a máis baixa desde 2018.** Non haberá ningún incremento de postos de traballo.



- **Non se recuperan as 1279 prazas que se podían ter ofertado no ano 2022.** Nese ano (no que tiveron lugar os procesos extraordinarios de estabilización) a Consellaría negouse a publicar unha OPE con esas prazas e acumulalas as do 2023 como lle demandou a CIG-Ensino.
- Tendo en conta a evolución das prazas desertas nas oposicións de ingreso libre dos últimos anos (no 2024 quedaron desertas perto do 80% das prazas da quenda de discapacidade e un 11,5% nas da quenda libre) **é moi probábel que a cifra total de persoas aprobadas polo sistema de ingreso non cheguen ás 1.200.**

A ter en conta...

Prazo de matrícula	Do 18 de febreiro ao 10 de marzo
Sorteo dos tribunais	Segundo a convocatoria está previsto o 10 de abril .
Comezo das probas	Segundo a convocatoria o acto de presentación e de celebración da primeira proba, de ser o caso, será o sábado, 21 de xuño .
Orde de diante dos tribunais	Comezará polo persoal aspirante cuxo primeiro apelido empece pola letra F
Importante	Para manter o posto consolidado nas listas das especialidades que se convocan é preciso presentarse ao proceso selectivo, en Galiza ou noutra comunidade, e realizar obrigatoriamente as dúas partes da primeira proba e proceder á súa lectura.

Incumprimento da Lei Paz-Andrade

A oferta de prazas de Portugués no corpo de PES está na liña da maioría das especialidades ao respecto da relación entre persoal interino e oferta. Neste sentido a nosa crítica non está tanto no número canto na inercia e falta de impulso a esta materia. De seguir esta evolución **nunca se chegará ao obxectivo lóxico da lei**: estender a oferta da materia de Portugués a todos os centros.

No caso desta especialidade a Consellaría debe mudar por completo: primeiro debe garantir a oferta formativa, ampliando por tanto o persoal docente para despois incrementar dun xeito relevante a oferta de prazas nas oposicións.

Por outro lado, tamén se debería estender a oferta nas EOI nas que non se imparte.

Non van modificar a convocatoria.

A Consellaría oculta información

A Consellaría non proporcionou con anterioridade á Mesa Sectorial nin na propia reunión datos que foron solicitados reiteradamente pola CIG-Ensino e que permitirían fiscalizar as decisións que a administración toma á hora de decidir o reparto das prazas por especialidade. Así:

- **Non informa das xubilacións do profesorado por especialidades**, co que non podemos saber se está ofertando prazas nas que se xubila o profesorado ou non.

CORPO DE PROFESORADO ENSINO SECUNDARIO									
	Especialidade	Reserva Persoas con Discapacidade		Libre	Total	% oferta sobre inter	FUNC CARREIRA	PERSOAL INTERINO	% INTER
		Intelectual	Xeral						
590001	Filosofía	0	2	20	22	55,0 %	308	40	11,5 %
590002	Grego	0	0	5	5	62,5 %	58	8	12,1 %
590004	Lingua castelá e literatura	1	4	35	40	61,5 %	1.007	65	6,1 %
590005	Xeografía e historia	1	4	35	40	58,0 %	980	69	6,6 %
590006	Matemáticas	1	5	45	51	57,3 %	1.325	89	6,3 %
590007	Física e química	0	3	28	31	55,4 %	608	56	8,4 %
590008	Bioloxía e xeoloxía	1	2	22	25	59,5 %	666	42	5,9 %
590011	Inglés	2	10	92	104	51,5 %	963	202	17,3 %
590015	Portugués	0	0	5	5	62,5 %	19	8	29,6 %
590017	Educación física	1	4	38	43	60,6 %	564	71	11,2 %
590018	Orientación educativa	0	2	13	15	57,7 %	382	26	6,4 %
590019	Tecnoloxía	1	6	51	58	73,4 %	689	79	10,3 %
590053	Lingua e literatura galega	2	7	68	77	59,7 %	939	129	12,1 %
590061	Economía	1	2	23	26	49,1 %	213	53	19,9 %
590101	Administración de empresas	0	1	9	10	25,6 %	210	39	15,7 %
590104	Construcións civís e edificacións	0	0	8	8	30,8 %	19	26	57,8 %
590105	Formación e orientación laboral	1	4	40	45	52,9 %	337	85	20,1 %
590106	Hostalaría e turismo	0	1	9	10	34,5 %	75	29	27,9 %
590107	Informática	2	5	55	62	84,9 %	216	73	25,3 %
590110	Organización e xestión comercial	0	2	18	20	57,1 %	85	35	29,2 %
590112	Organización e proxectos de fabricación mecánica	0	1	9	10	32,3 %	104	31	23,0 %
590116	Procesos na industria alimentaria	0	1	9	10	47,6 %	28	21	42,9 %
590117	Procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos	0	1	9	10	55,6 %	46	18	28,1 %
590118	Procesos sanitarios	0	1	9	10	45,5 %	63	22	25,9 %
590119	Procesos e medios de comunicación	0	1	9	10	71,4 %	34	14	29,2 %
590124	Sistemas electrónicos	0	1	9	10	90,9 %	92	11	10,7 %
590125	Sistemas electrotécnicos e automáticos	0	1	14	15	100,0 %	107	15	12,3 %
590206	Instalacións electrotécnicas	0	2	18	20	74,1 %	162	27	14,3 %
590212	Oficina de proxectos de construción	0	0	8	8	36,4 %	17	22	56,4 %
590222	Procesos de xestión administrativa	1	2	23	26	53,1 %	195	49	20,1 %
590225	Servizos á comunidade	0	1	9	10	47,6 %	73	21	22,3 %
590227	Sistemas e aplicacións informáticas	2	5	55	62	79,5 %	147	78	34,7 %
590231	Equipos electrónicos	0	2	18	20	74,1 %	102	27	20,9 %
Subtotal		17	83	818	918	58,1 %	10.833	1.580	12,7 %
Non se teñen en conta as especialidades de profesorado especialista e aquelas nas que non se poden convocar oposicións.									
CORPO DE PROFESORADO ESPECIALISTA EN SECTORES SINGULARES DE FP									
	Especialidade	Reserva Persoas con Discapacidade		Libre	Total	% oferta sobre inter	FUNC CARREIRA	PERSOAL INTERINO	% INTER
		Intelectual	Xeral						
598001	Cociña e pastelería	1	2	14	17	56,7 %	116	30	20,5 %
598002	Estética	0	0	5	5	35,7 %	45	14	23,7 %
598004	Mantemento de vehículos	1	2	16	19	57,6 %	210	33	13,6 %
598005	Mecanizado e mantemento de máquinas	0	2	13	15	88,2 %	96	17	15,0 %
598006	Patronaxe e confección	0	0	5	5	55,6 %	22	9	29,0 %
598007	Peiteado	0	1	6	7	58,3 %	50	12	19,4 %
598008	Produción de artes gráficas	0	0	5	5	71,4 %	27	7	20,6 %
598009	Servizos de restauración	0	1	6	7	38,9 %	57	18	24,0 %
Subtotal		2	8	70	80	57,1 %	623	140	18,3 %

Desde o ano 2017 quedaron desertas un total de 1306 prazas

CORPO DE MESTRAS E MESTRES									
Especialidade		Reserva Persoas con Discapacidade		Libre	Total	% oferta sobre inter	FUNC CARREIRA	PERSOAL INTERINO	% INTER
		Intelectual	Xeral						
597031	Educación Infantil	2	7	70	79	57,2 %	2.807	138	4,7 %
597032	Lingua estranxeira: Inglés	1	6	46	53	57,6 %	1.002	92	8,4 %
597033	Lingua estranxeira: Francés	0	4	28	32	50,8 %	370	63	14,5 %
597034	Educación Física	0	4	22	26	63,4 %	889	41	4,4 %
597035	Música	0	2	19	21	55,3 %	668	38	5,4 %
597036	Pedagogía Terapéutica	1	6	33	40	41,7 %	1.445	96	6,2 %
597037	Audición e Linguaxe	1	6	46	53	48,6 %	747	109	12,7 %
597038	Educación Primaria	3	10	109	122	58,4 %	4.370	209	4,6 %
Subtotal		8	45	373	426	54,2 %	12.298	786	6,0 %

Nos se ten en conta a especialidade de ORIENTACIÓN ao non se poder convocar oposicións dela.

- **Non presenta un estudo das prazas estruturais.** Está é unha cuestión fundamental á hora de determinar as necesidades docentes, tanto no presente como a curto prazo. Un informe da CIG-Ensinio ten detectado **3.200 prazas cubertas (mesmo centro, mesma especialidade) con destino provisional nos últimos catro cursos (desde o curso 2021).** Sabemos que unha parte destas prazas non son estruturais por diferentes motivos (titulares que non as ocupan por teren liberación sindical, estar en comisión de servizos en asesorías, etc., seren cargos públicos, ou pola redución de cargos directivos), mais é obvio que a maioría si o son. A información que se comprometeu a dar a Consellaría e non deu é precisamente cantas son as estruturais: así poderíamos determinar con exactitude cantas prazas se deberían ofertar nas oposicións.

Urxo mudar a lei para acumular as prazas de promoción interna

A Xunta non tomou ningunha medida para cambiar a Lei 2/2015 de emprego público de Galiza que impide que se acumulen as prazas de promoción interna desertas ás prazas de ingreso.

Desde o ano 2017 quedaron desertas un total de **1306 prazas**. Por lei hai que reservar un 25% das prazas do subgrupo A1 para promoción interna desde o subgrupo A2. Desde hai máis dunha década a inmensa maioría das prazas do paso de A2-A1 quedan desertas. O principal motivo é que non existe demanda: na maioría das especialidades preséntanse menos aspirantes que prazas se convocan. A media destes últimos anos é brutal: o **77% das prazas quedan sen aspirantes** porque non se presenta ningún. No ano 2024 quedaron ao final do proceso desertas un 82% das prazas.

A CIG-Ensinio propuxo desde hai anos unha alternativa que a Consellaría non atende porque non ten ningún tipo de interese en que aumente o número de aspirantes con praza: **acumular as prazas para as que non hai persoas candidatas.**

O caso das especialidades de FP. Como xa advertimos o ano pasado, os cambios nos corpos que imparten FP, co paso ao corpo de PES de 19 especialidades **fai decaer aínda máis o interese pola promoción interna A2-A1, xa que quen antes podía ter interese en cambiar de corpo agora pode facelo pola modalidade de adquisición de nova especialidade.**

Con esta proposta da CIG-Ensinio poderían sumarse este ano unhas 180 prazas ás de ingreso libre. A maiores, consideramos que isto podería incentivar un **cambio relevante nos tribunais e que a CIG-Ensinio considera necesario:** non estar condicionados polas prazas que lle corresponden, podendo aprobar máis opositores que prazas, sabendo que sobre as prazas asignadas se poderían acumular un maior número de prazas desertas do A2-A1.

A CIG-Ensinio considera arbitrario o reparto por especialidades e demanda planificación

Os datos da Consellaría que levaron á oferta de emprego e o reparto por especialidades.

- Xubilacións: 1101
- Falecementos: 25
- Excedencias con perda de posto de traballo: 26
- Profesorado que sae de Galiza co CXT: 0 (non houbo concurso estatal)
- Profesorado que entra en Galiza co CXT (a restar): 0 (non houbo concurso estatal)
- Profesorado reingresado de excedencia (a restar): 22

O sindicato considera que a Administración non é coherente cos seus propios criterios e actúa con

CORPO	CÓDIGO	NOME_ESPECIALIDADE	FUNC CARREIRA	PERSOAL INTERINO	% INTER.
EOI	592009	Galego	20	10	33,3 %
PES	590123	Procesos e produtos en madeira e moble	24	10	29,4 %
PES	590113	Organización e proxectos sistemas enerxéticos	44	11	20,0 %
PES	590208	Laboratorio	31	11	26,2 %
PES	590210	Máquinas, servizos e produción	10	11	52,4 %
P.MUS.AA.EE	594423	Piano	114	11	8,8 %
PES	590214	Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios	22	12	35,3 %
PES	590103	Asesoría e procesos de imaxe persoal	49	13	21,0 %
PES	590108	Intervención sociocomunitaria	91	14	13,3 %
PES	590205	Instalacións e mantemento de equipos térmicos e de fluídos	37	14	27,5 %
PESSFP	598003	Fabricación e instalación de carpintería e moble	59	15	20,3 %
PES	590010	Francés	445	16	3,5 %
PES	590229	Técnicas e procedementos de imaxe e son	40	16	28,6 %
PES	590003	Latín	152	17	10,1 %
PESSFP	598010	Soldadura	64	17	21,0 %
PES	590016	Música	355	18	4,8 %
EOI	592008	Francés	46	19	29,2 %
PES	590219	Procedementos de diagnóstico clínico e ortoprotésico	60	21	25,9 %
PES	590111	Organización e proc. de mantemento de vehículos	86	23	21,1 %
EOI	592011	Inglés	253	24	8,7 %
PES	590115	Procesos de produción agraria	32	25	43,9 %
PES	590221	Procesos comerciais	84	25	22,9 %
PES	590009	Debuxo	409	29	6,6 %
PES	590220	Procedementos sanitarios e asistenciais	101	30	22,9 %

arbitrariedade. Instamos á Consellaría a que dea explicacións de porque non se ofertan algunhas especialidades que cumpren cos mesmos requisitos que outras si ofertadas.

No estudo realizado pola CIG-Ensino, partindo dos datos de profesorado en activo a xornada completa no presente curso escolar, atopamos moitas especialidades con porcentaxes de persoal interino idénticas ou mesmo superiores a algunhas das especialidades convocadas. Así, salientamos:

- Chama a atención que se oferten, por exemplo, prazas de Patronaxe e Confección e de Produción de Artes Gráficas e non de Fabricación e Instalación de Carpintería e Moble e Soldadura, cando precisamente nestas dúas últimas hai moitas máis dificultades para cubrir as substitucións e ábrese as listaxes con moita máis frecuencia.
- As seguintes especialidades superan a cifra de 10 docentes interinos e o 20% da porcentaxe sobre o total, non foron convocadas o ano pasado e non se

convoca outra especialidade da mesma familia profesional este curso: Procesos e produtos en madeira e moble, Organización e proxectos sistemas enerxéticos, Laboratorio, Asesoría e procesos de imaxe persoal e Fabricación e instalación de carpintería e moble.

Se desbotamos as especialidade con menos de 10 docentes interino temos os casos do cadro anexo na seguinte páxina.

Podemos comprender que, en certas especialidades, especialmente nas vinculadas á FP, a oferta de prazas se alterne en diferentes anos. Porén, isto só sería aceptábel se esta información fose de coñecemento público para todas as persoas interesadas en presentarse ás oposicións.

Poñamos algúns exemplos.

- Se este ano se ofertan prazas de Organización e Xestión Comercial e Procesos de Xestión Administrativa e non se oferta Procesos Comerciais

(con porcentaxes similares de persoal interino) a Consellaría debería ter claro, e anunciálo xa, que a súa intención é convocar esa outra especialidade para o curso seguinte. Hai noutras familias profesionais casos idénticos: como nas especialidades de Técnicas e Procedementos de Imaxe e Son ou Operacións e equipos de elaboración de produtos alimentarios. Hai planificación ou decide ao chou o que convoca?

- O mesmo podemos dicir de Latín e Grego. O ano pasado ofertouse Latín e este ano Grego. Se isto forma parte, como parece, dun criterio por ordenar a oferta de especialidades, debe aclararse e facerse público.

As persoas que opositan teñen dereito a coñecer con moita antelación se vai haber oposicións ou non. Non hai nada que impida que a Consellaría informe con máis dun ano de antelación.

Na resposta, a Consellaría confirmou que hai especialidades que gardan relación entre elas e que optou por unhas no canto doutras, nalgúns casos tendo en conta o tempo transcorrido desde a última oposición. Non se comprometeron a avanzar convocatorias de próximos anos.

Non se convocan oposicións nas ensinanzas de réxime especial

A CIG-Ensino reclamou na Mesa Sectorial que se xustificase o motivo polo que non se ofertan oposicións en ensinanzas artísticas e de idiomas.

Ensinanzas artísticas. É certo que en moitas especialidades das ensinanzas artísticas o número de profesorado interino é moi reducido mais a administración non pode obviar a súa obriga de convocar as prazas que son estruturais e se cobren temporalmente. Sen contar coas especialidades do corpo de cátedras, que se entende que non convoquen en tanto non se implante a nova Lei, deberían terse en conta aquelas especialidades cunha elevada porcentaxe de docentes interinos.

Ensinanzas de idiomas. Hai especialidades nas que, ben sexa polo total de persoal interino ou pola elevada porcentaxe, non se entende que non se oferten prazas. Destacamos o caso do Galego, que consideramos que debería un maior apoio na oferta en todas as EOI e as súas extensións.

A Consellaría indica que a decisión de non convocar nas EOI tomouse logo dunha reunión coa subdirección xeral de ensinanzas de réxime especial, coa previsión de estudar as necesidades logo de que o profesorado en expectativa acade destino definitivo.

Ao respecto das ensinanzas artísticas queren agardar ao desenvolvemento da Lei destas ensinanzas.

Novidades no texto da convocatoria

Prazas da quenda de discapacidade

Introducen unha nova división nas prazas de reserva específica para persoas con discapacidade, asignando polo menos o **2% das prazas para persoas con discapacidade intelectual** e o resto para outros tipos de discapacidade.

Lugares da probas

Non se indica, como noutro anos, en que localidade recae o tribunal nº 1 cando se nomeen tribunais en máis dunha provincia. **Vano incluír na convocatoria.**

Adaptación de tempo e medios

Indícase que, a maiores dun informe médico que xustifique a necesidade de adaptación, poderá ser requirido, de ser necesario, un informe médico adicional posterior. Pedimos explicacións que non se nos deron.

Orde de actuación

Ao dividir a quenda de discapacidade en dous modifícase a orde de actuación, que queda así:

a) Se é o caso, persoal aspirante que concorran polo procedemento de adquisición doutra especialidade, pola orde que se establece no último parágrafo desta base.

b) Persoal aspirante que concorra pola quenda de prazas reservadas a persoal funcionario dos corpos e escalas docentes clasificadas no subgrupo A2, por orde alfabética, de acordo coas normas do último parágrafo desta base sen prexuízo do establecido para a parte práctica na base décimo sexta da presente convocatoria.

c) **Persoal aspirante que concorra pola quenda de discapacidade intelectual (I) e a continuación pola quenda de discapacidade (D)**, de acordo coas normas do último parágrafo desta base.

d) Restantes aspirantes.

Programacións

Cambian de 60 “folios” a “60 páxinas” no desenvolvemento do proceso de PES e PEESFP. Parece que páxinas dá lugar a menos confusión en canto ao número de “folios” pero deixaron o cambio a medias porque no corpo de Mestres seguen pedindo “folios”. **Van revisar o texto para igualar todo a páxinas.**

Forma de cubrir as prazas de reserva

Adáptase á nova división da quenda de discapacidade. Mantendo a imposibilidade de acumular prazas desertas para a quenda libre, aclárase que si se poden acumular prazas dunha das modalidades de discapacidade para a outra.

Orde de relación

Eliminan o prazo de 2 días hábiles que tiña o persoal opositor para reclamar ante os tribunais contra posíbeis erros cando publican a relación de persoal aspirante que superou o concurso-oposición. Ao eliminar esta vía

só deixan aberta a posibilidade dun recurso de alzada. É un erro eliminar unha posibilidade para corrixir erros. Reclamamos que se manteña como estaba.

Propostas da CIG-Ensino ao texto da convocatoria das oposicións

Tribunais

- Reducir o número de aspirantes por tribunal.
- Elección das presidencias por sorteo.
- Se hai que nomear membros dos tribunais doutras especialidades deben figurar expresamente na convocatoria cales son as que son susceptibles de entrar no sorteo.
- Criterios de avaliación. Base 7.10. (funcións dos tribunais). Deben ser claros, públicos e idénticos para todos o tribunais da mesma especialidade. A obriga de dar publicidade e as condicións destes criterios deben vir fixadas na convocatoria para que non quede da man de cada tribunal. Deben coñecerse con moita antelación á realización das probas.
- Autorización de suplencia dos tribunais. Base 7.6.4. Conciliación. Ampliar as suplencias para un dos proxenitores que teñan un fillo ou filla menor de tres anos así como quen teña familiares dependentes de primeiro grao ao seu cargo ou familiar incapacitado xudicialmente para o que teña sido nomeado titor legal. En todo caso, garantir a suplencia en caso de familia monoparental.
- Equipos directivos. Propomos que se poida autorizar a suplencia a algún membro dun equipo directivo se 2 ou máis membros deste teñen que formar parte de tribunais. Hai que garantir que cando menos 2 membros da dirección estean no centro.
- Puntuación provisional da fase de concurso e prazo de reclamacións. Base 11.3.2. No caso de reclamacións, debe existir sempre resposta. Hai que garantir a máxima transparencia e garantías nunhas oposicións. Todo pasa evidentemente por unha redución considerábel da ratio de opositoras e da redución da carga burocrática.

Cuestións xerais do proceso selectivo

- **Este non é o noso modelo.** Como é sabido este sistema de oposicións non conta co apoio do sindicato maioritario. Á espera do que poidan dar de si as negociacións para un cambio do sistema de ingreso na función docente hai cuestións que consideramos que convén salientar:
 - **Exames non eliminatorios** Cando se negociou na Mesa estatal a modificación do RD para os procesos extraordinarios xa avanzamos que o sistema ordinario debería ser con exames non eliminatorios. **No 2023 demostrouse que se pode facer perfectamente.**

- **Anonimato na primeira parte da oposición en todas as especialidades e probas que sexa posíbel.** O sistema de sobres con etiquetado, como xa foi usado en convocatorias anteriores, garante ese anonimato.
- **Por un verdadeiro concurso oposición.** Na inmensa maioría das especialidades non se está respectando o espírito da lei: non se chega á fase de concurso porque xa non se aproba na fase de oposición a máis opositores que prazas; en moitas a criba prodúcese mesmo na primeira fase. Negámonos a crer que non existan máis aspirantes con capacidade para aprobar, cando en moitos casos demostran como profesorado en activo a súa competencia profesional.
- **Competencia en lingua galega.** Esta cuestión só depende da Xunta. Solicitamos, previa modificación da Lei de Emprego Público de Galiza, a recuperación da realización dunha proba en galego, co obxectivo de demostrar a aptitude e a competencia para impartir docencia na nosa lingua.
- **Baremación de méritos:** debe ser feita por unha comisión técnica da Dirección Xeral, liberando desa carga burocrática ao tribunal.
- **Presentación previa de méritos.** Todas as persoas aspirantes deberán presentar méritos e non só quen aprobe a primeira proba. Non se debe facer pública até que remate a fase de oposición. Isto permitiría que se crease unha base de datos cos méritos alegados a efectos de ordenar listas de substitucións cos mesmos criterios que no concurso oposición e non só polo expediente académico.
- **Eximir da obriga de presentar documentación que xa obre en poder da Consellaría** a todas aquelas persoas que xa foron baremadas en procesos selectivos anteriores. A Consellaría quedou de facer unha adaptación da aplicación informática e non o fixo. Chama a atención que deran algún paso adiante como que o persoal opositor non teña que acreditar documentalmente os méritos relacionados coa formación recibida e impartida e a experiencia docente que xa conste no seu expediente electrónico, mais non se atrevan a facer o camiño completo e aceptar a proposta da CIG-Ensino.
- **Probas prácticas adaptadas á realidade docente.** As probas prácticas deben ser o máis concretas posíbeis e axustadas á realidade do que se imparte nas aulas. As oposicións deben centrarse en valorar futuros docentes e, por tanto, facer fronte a casos prácticos cos que se van atopar no día a día. Hai que ter un especial coidado con non incluír na parte práctica contidos que figuran nos temarios mais están totalmente desfasados así como incorporar contidos que non están nos temarios.

- **Mesmas probas na mesma especialidade.** Todos os aspirantes da mesma especialidade realizan as mesmas probas dentro do seu tribunal. Aínda que isto garante igualdade de condicións dentro de cada tribunal, consideramos que o ideal sería que o exame fose o mesmo para todos os tribunais da especialidade.
- **Segunda proba (programación e UD).** A utilización de material auxiliar ten que ser o máis concreta posíbel para evitar agravios comparativos. A redacción é ambigua: poderase utilizar material “sempre que o autorice o tribunal”. Esa autorización debe preceder o inicio das probas e publicarse na web con suficiente antelación.
- **Publicación das notas de cada unha das partes das probas segundo se avalían.** Base 12 e 13. As notas de cada unha das partes das probas deben ser públicas no propio día da corrección ou defensa da proba.
- **Aumentar o prazo de citación das aspirantes.** Base 10.3.3. Ampliar a un mínimo de 48 horas.

Baremo do sistema de ingreso

- **Non puntuar o C1 de Galego é unha inxustiza.** Xa o dixemos co baremo do concurso excepcional de méritos e do concurso oposición extraordinario: aquelas persoas que xustifiquen o requisito do coñecemento do idioma propio do país por outra vía diferente á convalidación do CELGA non se deberían ver privadas da puntuación do C1.
- **Puntuación de máis dunha titulación.** Seguimos considerando unha incongruencia que haxa un tope de puntuación para doutoramento, premio extraordinario ou máster cando noutras titulacións (idiomas, titulacións de primeiro ciclo, réxime especial) poden puntuar varias do mesmo tipo. No baremo fixado nos procesos selectivos de estabilización a nivel estatal polo propio Ministerio, de acordo con 13 CCAA, eliminouse ese tope, como propuxemos desde hai anos desde a CIG-Ensino para as nosas oposicións. Demandamos que se fixera nesta convocatoria, modificando o punto 2 da disposición adicional 3ª. A Consellaría insistiu en que non vai modificar este apartado alegando que cada mestrado acadará o tope de 1 punto
- **Puntuación EOI-PES.** Lamentamos a interpretación da sentenza que impide que se puntúe o tempo traballado nunha EOI se a persoa proviña dunha lista de PES e mesmo tivo obriga de coller a praza. Demandamos que se busque unha solución e se trate o tema co Ministerio.

Baremo do sistema de promoción interna

- **Anexo IV.** Cambio de A2-A1. Non estamos de acordo coa puntuación do traballo como xefe de servizo ou cargo similar na administración (1.2.d) nin coa puntuación na inspección (1.2.a). A puntuación da

dirección non debe ser superior á valoración do resto das funcións docentes (titoría, departamento).

- **Formación.** Solicitamos que a puntuación sexa como no sistema de ingreso e puntúen os cursos inferiores a 30 horas.

Cuestións específicas relacionadas coa Formación Profesional

Segundo a Resolución do 10 de xullo de 2024, da DXFP, pola que se ditan instrucións para o curso 2024/25, **o profesorado de FOL** pode realizar as PD dos módulos de **Itinerario persoal para empregabilidade** de Ciclos Básicos e de Itinerario Persoal para a empregabilidade para CM e CS que se implantaron este curso.

Pódese presentar a programación para o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora que desaparece este curso? Debe quedar claro indicándose no texto tanto se é que si como se é que non. Non se pode manter a mesma redacción deste apartado que en convocatorias anteriores cando **estamos nun limbo legal absoluto pola falta de regulación da Dirección Xeral de FP**. A situación de incerteza para o persoal opositor destas ensinanzas é total.

Formulamos outra cuestión. Tal e como está redactado este apartado, aínda que probabelmente non aconteza, **calquera docente que opoñe a unha especialidade específica de FP pode facer a PD do módulo Sustentabilidade aplicada ao sistema produtivo** porque cumpre o requisito de que o currículo do módulo está publicado na citada Resolución no DOG. Se non é pertinente que se faga a PD deste módulo **debe quedar tamén especificado na convocatoria** porque pode chegar a haber problemas de interpretación chegado o momento.

Segundo co tema das PD e da UD **debe quedar claro nesta mesa sectorial que se deben realizar tendo en conta o sistema de FP vixente neste curso**, sen facer mención, por exemplo, á nova distribución horaria dos módulos (necesaria para facer a temporalización das UD e das actividades) ou aos Resultados de Aprendizaxe do módulo profesional que se poden adquirir na empresa (este curso xa está en vigor esa posibilidade e nalgún centro estase a facer en 1º curso da oferta ordinaria, adaptando as PD a medio curso, mentres que para o que vén pasarán a ser obrigatorias as 500 horas de formación na empresa) polo que todas as PD de módulos de segundo da oferta ordinaria terán que recoller esta cuestión, que aínda non está lexislada. Polo tanto, **o persoal opositor que programe para un**



módulo de 2º só o pode facer coas regras de xogo deste curso e iso debe quedar claro, malia que de aquí a que se celebren as oposicións o novo Decreto galego que regule a FP debera estar publicado no DOG, aínda que ao ritmo que imos non parece que sexa probábel.

No caso da adquisición de nova especialidade propoñemos a exención da proba práctica para aquel profesorado que sexa titular dunha especialidade da mesma familia profesional.

Inspección educativa

Prazas

Ofértanse 10 prazas e ningunha pola quenda de discapacidade cando en todos os casos nos que hai ese mesmo número de prazas (mesmo nalgún caso con 7

prazas) si se reserva unha praza. Demandamos que se faga o mesmo.

Listaxe para a inspección accidental

Despois do fracaso e inutilidade demostrada do “proceso selectivo” imposto pola dirección xeral de ordenación educativa para nomear postos accidentais polo que queda de curso (só cinco persoas seleccionadas para nove prazas) agardamos unha rectificación e que se incorpore no texto desta convocatoria unha base específica na que se indique que se creará unha lista con todas aquelas persoas que se presenten a estas oposicións, ordenada tendo en conta o número de probas aprobadas e a puntuación dos méritos alegados. **Néganse a facer a lista de agarda.**

Sistema de concurso-oposición 2025

